


Colombia, a pelexa pola paz



A foto que fala

Uns nenos xogan no campo de refuxiados de Ritsona, ao norte de Atenas. Un terzo dos menores sirios só coñece a guerra civil, que dura xa un lustro. [Foto: PETROS GIANNAKOURIS]



O trasno Pomba dourada

Daniel López Muñoz



Outro ano da cea cantareira para a entrega da Pomba Dourada, arredor da Coruña. E outro ano de encontro, tan de agradecer, con compañeiras e compañeiros deses que tecen sentido e esperanza para esta travesía compartida que se chama a vida. A Pomba foi desta volta para a Marcha Mundial das Mulleres, e ben dada foi.

E o mellor, ese intercambiar pareceres sobre o acontecer. Falamos na nosa mesa da cousa política, das novas maneiras de entendela e de falala, das pequenas decepcións e das grandes esperanzas (quizais, isto, máis ben implícito).

Alfonso Mascuñana, que cumpría anos –uns poucos- contaba como botaba a faltar algo -tan presente noutro- como facer “exame de conciencia” logo dunhas eleccións . Pero que nada, que a tendencia era a buscar causas alleas, de fóra. E cando se teimaba nesa liña, a de analizar o propio compromiso, a propia coherencia, entón podía aparecer un argumento de peso: “claro, Alfonso e Nicanor son militantes abnegados, pero á xente nova se non lle mola o rolo, marchan”. E saían curiosidades, de como se propoñían teatralizacións de asuntos como a fin da guerra e o drama dos refuxiados. E como podía quedar un coa impresión de que a solidariedade branda, esta que se leva agora, era unha especie de xogo de rol para “sentirse ben e do lado correcto”, ... algo “religioso”, no mal sentido da palabra, para xustificarnos.

E conectamos con esa tendencia da “nova política” a incorporar e espremer –ata a súa seca total- palabras respectables, que pasan a seren fetiche. É o caso da palabra “relato”. Até o punto de converter o *relato* na beberaxe máxica para cambiar a teimada, evidente realidade: disque hai que construír *novos relatos* para todo, mesmo para disimular o real...ou os propios erros. Seica todo se modifica cun novo relato. Pois, non.

Eu dicíalles o que viña pensando estes días: que era o momento de aplicarles aos partidos a reflexión da “eclesiología crítica”: que o decisivo é a causa, a utopía dunha humanidade plena, e que as institucións para redimir ou empurrar a historia –ora igrexas, ora partidos- son sempre e por definición “instrumentais”, porque non se deben a sí mesmas senón á causa que din servir.

E, quizais, todo iso, o exceso de ego, a fuxida da realidade, o converter os medios en fins, poida ter que ver cun machismo culturalmente dominante. Por iso, o premio, estivo moi ben dado.

Editorial Trump: algo máis ca unha broma pesada

Por veces dan ganas de maliciarse: deste señor que di esas cousas tan “sinceras” sobre as mulleres, sobre negros e inmigrantes, e sobre calquera dos temas clásicos da dereita americana máis visceral e xenófoba, pensaría calquera que foi posto aí como pallaso das labazadas, ou como parvo útil, para favorecer que alguén como a señora Hillary Clinton, tan integrada no “stablishment” de Washington, poida vencelo sen dificultade.

Pero non. Se nalgún momento foi unha broma tinguida de loiro, xa non o é. A alguén se lle foi das mans. O candidato Trump chega ao final con todas as voces en contra, mesmo no seu propio partido,todas, menos a do electorado que, por veces, nas enquisas, tenlle dado tanto respaldo ou máis cá a súa rival.

Trátase dun fenómeno que inevitablemente conecta co trunfo da televisión lixo

O tema é serio, porque se traspasan unha serie de barreiras que antes estaban aí e que eran de agradecer, porque non todo vale. Xa pasou con Berlusconi. Ninguén se explicaba como a pesar de todo o que se ía sabendo, seguía gañando

eleccións. Trátase dun fenómeno que inevitablemente conecta co triunfo da televisión lixo, a dos *reálitis*, programas intencionadamente des-educadores, que levan ao cume da popularidade e da simpatía popular a personaxes que serían antiexemplo en calquera relación de valores construtivos e necesarios nunha sociedade democrática e socialmente avanzada: traballo e dedicación, cultura, sensibilidade, delicadeza, discreción, compaixón, etc

Trump, Berlusconi, e unha serie de liderados nacentes en Europa –especialmente na Europa oriental- representan a fin dos límites e barreiras ao mal gusto, á expresión pública do odio, o machismo máis descarnado e brutal, á intolerancia fronte á diversidade. E teñen apoio, como se se abrise a veda.

No seu filme *O ovo da serpe*, sobre as orixes do nazismo, o sueco Bergman presenta, aló polo principio, un plano picado cun grupo de persoas que se moven lentamente, presas do cansazo. Suxiren a inacción, a falta de reacción e enerxía necesaria para reaccionar, dunha sociedade anestesiada. Despois foi o que foi. Hai quen fala xa dunha sociedade prefascista. Está claro que algo grave está pasando, e que hai que reaccionar.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Pois teño gañas de velo. Trátase dun documental que abofé ten que ser interesante. *The Resurrection Club* (O clube dos resucitados). Trátase de contar a historia das xuntanzas (dúas por ano) dos membros da asociación Whitens to innocence (testemuñas da inocencia). Unha asociación á que pertencen todos aqueles que pasaron polo corredor da morte e saíron despois de demostrar, tras moito esforzo, a súa inocencia.

Unha asociación creada por unha monxa chamada Helen Prejean que leva loitando anos contra a pena de morte nos Estados Unidos. Coñecerás esta monxa se viches a película *Pena de morte* xa que era a copro-

tagonista. Esta relixiosa leva máis de cincuenta anos loitando e acompañando os condenados a morte. E a súa loita non é perdida. Segundo Aministía Internacional o número de condenas en Estados Unidos vai descendendo aos poucos pero de xeito imparabile. O ano pasado foron asasinadas 28 persoas coa pena de morte nos EUA, a cifra máis baixa en 25 anos. Ademais pasouse dun 80 % de favorables á pena de morte a 61 %.

Poderíamos pensar que os datos non son optimistas pero pouco a pouco se vai avanzando nesa loita. Eu estou orgulloso de pertencer a unha Igrexa na que hai moita xente coma Helen Prejean remexendo nas consciencias




dun país que fai da vinganza a esencia da súa xustiza. Eles tamén son testemuñas da resurrección.

1



3



2



4



A peneira

1

Celebramos o Día da **BIBLIOTECA**, o 24, na biblioteca da parroquia de Santo Antonio de Lugo, acabada de abrir, unha oportunidade para ese 36,1 % de persoas que non leen libros. A Redelibros ofrece a ficha de máis dun millón de obras.

2

Máis de 20 granxas cambiaron a produción intensiva de leite a ecolóxica polo seu valor engadido. A metade dos 33 millóns destes produtos facturados foron leite e derivados, carnes e conservas vexetais. **ECOGALIA** en ExpoCoruña o 21-23 úrxenos á sensibilización ecolóxica a través de accións positivas de concienciación.

3

“Hijos de Rivera. Estrella de Galicia” espallou o proxecto Maeloc recollendo **MAZAS**, grazas aos convenios asinados con máis de mil labregos de Chantada, Escairón, A Estrada, Ortigueira, Guísamo... Transforman 2,5 millóns de Kg. comercializadas en 8 variedades autóctonas, o 50% ecolóxicas.

4

Na Festa do Cinema, do 24 ao 26, celebramos o filme *Mimosas* de **OLIVER LAXE**, Gran Premio da Crítica da Semana de Cine de Cannes. Seleccionada arestora polo Festival de Cine Europeo de Sevilla, do 4 ao 12, é un retorno ao sagrado. Aquí vémolos abrindo o curso da Escola de Imaxe e Son de Lugo, dende a súa loita de emigrante e traballador que apostou rexamente pola arte.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 15 é a manifestación **NIN TISA, NIN TTIP, NIN CETA!!** en Vigo contra os tratados de libre comercio do capitalismo salvaxe que están a negociar a UE e os EUA esnaquizando a democracia, os dereitos dos cidadáns... Na ilustración, o Cabalo de Troia, logotipo da plataforma "Non ao TTIP" que percorre o país (www.inversateatro.com).

6

As San Lucas de Mondoñedo, o 18, é unha festa ao **CABALO** galego, cada ano máis escaso. No 2009 había entre 18.000/20.000 cabezas, pero agora son unhas 8.000 pola falla de pastos arbustivos, e iso que son un remedio para evitar lumes no monte.

7

O 12, **NEBRA** do Son celebrou na ponte de Cans os cen anos da morte pola garda civil de Francisca Carou, Ramona Suárez, Xenerosa Vidal, Rosa Cadórniga e Antonio Sobrado na manifestación contra dun imposto agrícola. Castelao no *álbum Nós* (1931) gravou ao pé da ilustración: "¡Un padrenuestriño pol-os que morreron en Oseira, Nebra e Sofán!".

8

O 27 Santiago celebra cen anos da primeira viaxe de **LORCA** a Galiza cun concerto sobre a súa relación coa música da Xeración do 27, mentres escoitamos "Federico García Lorca, poeta en Galicia" de Amancio Prada. O Pen Club internacional denuncia en Ourense que arestora hai máis de mil escritores torturados, asasinados, na cadea coma el...

Política ... porque non quere gobernar.

Pedro Pedrouzo Devesa



Se cadra non se pode dicir moi alto, pero creo que a esquerda non goberna porque non quere. Leva demasiados anos máis preocupada polo seu discurso que pola acción. Non penso que iso sexa un defecto de seu, pero condiciona. Os momentos nos que máis entusiasmo desperta a esquerda son nos que despreza o seu arsenal crítico e descobre a armazón do adversario.

De feito, é difícil ver trunfar a un líder na esquerda que non manexe ben o discurso, algo que non é tan esixible para os líderes da dereita. A esquerda queremos que nos emocione, o reino da dereita está noutra parte.

Pero o encanto do discurso é unha arma de dobre fío, seduce pero tamén desencanta, porque a medida que alonxa o seu horizonte de acción e se propón levarnos máis alá, esquece que a acción pública ten máis seixos que lastras, atragóase demasiado facilmente. De aí que en poucos meses pasemos dun casegobierno de PSOE e Podemos embridado por Ciudadanos a un goberno do PP en solitario.

A culpa sempre a ten o adversario, pero esa mesma reflexión que se deben facer os partidos da esquerda que queiran gobernar, é trasladable a Galicia onde se presentan tres candidaturas coa intención de aliarse unha vez pasadas as eleccións, pero non antes.

E se cadra todo é defendible e demostrable, pero non tranquilizador, porque a esquerda segue vacilando entre ser unha voz crítica ou ser unha voz construtiva, que aínda que algúns pensen o contrario, non é o mesmo.

Pero esa é a súa esencia, entre o inconformismo e o posibilismo. Entre os pacientes e os insaciados, a esquerda bambolea ao ritmo da música da dereita que é a que toma as decisións. Nós criticamos, que é o que máis nos ensoberbece. Eles dirixen o goberno, nós, as librerías.

Queremos que mude a situación? Creo que non. Queremos pensar que queremos mudar a situación, e a partir de aí construír o noso discurso. Porque pensar é o que de verdade nos enlouquece, pensar e discursar, un verbo que se constrúe cun prefixo divisor que matiza, condiciona e lesiona unha raíz que camiña. O non curso, o discurso.



O peto común Os tempos do Qohelet

Manuel Regal Ledo

Ter que preparar unha pequena celebración familiar, levoume a recordar e empregar palabras do orixinal sabio bíblico, Qohelet, que, entre tanta cousa fermosa, intrigante e desanoxada, nos ofrece o famoso texto que empeza dicindo que hai tempo e sazón para todo neste mundo, para nacer e morrer, para plantar e arrincar, etc. Recomendovos lelo (Ecle 3,1-8), calquera que sexa o estado de ánimo no que vos atopedes neste comezo de curso, porque a todo lle dá cabida e oportunidade.

Atoparme de novo con este texto levoume a pensar que non sempre é doado romper coa actitude unidireccional sobre a que montamos normalmente a propia existencia. A min polo menos non me resulta doado. Quizabes son meticuloso, ordenado, esforzado, cumpridor, e cústame un carallo –así falaría o Qohelet– darme tempos para a folganza, para a vacación, para os tempos chamados inútiles, para a conversa sobre nada, etc. E ben vedes o perigoso que pode ser todo isto.

Compoñería e ofreceríavos con gusto o meu particular “tempo e sazón”, pero non quero meterme de máis nas vosas vidas coas miñas trangalladas. Invítovos a que entre todos, mulleres e homes, mozos e mozas, nenos e nenas, se as hai, compoñamos o noso colectivo “tempo e sazón”, porque ao xeito como van as cousas, seguro que nos viría moi ben matinar, sentir e actuar coa amplitude sentimental do noso amigo Qohelet. Porque hai tempos para celebrar a Romaxe, e tempos tamén para construír día a día ese empeño de unir fe e galeguidade; hai tempos para ilusionarnos votando, tempos para laiarnos dos resultados, tempos para rinos dos nosos laios, e tempos para facer País con cousas máis contundentes que o mesmo voto. Hai tempos para renegar da xente de tal ou cal partido político (e tamén de fútbol), e tempos para abrazarnos coma irmáns e irmás, e tempos para “desabrazarnos” de novo. Hai tempos para o traballo das viñas e para o gozo das vendimas. Hai tempo para dobrar o lombo na apaña das castañas e tempos para erguelo e sacudilo vizoso na festa dos magostos. Tempos para rir e tempos para chorar e volver a rir e volver a chorar e volver rir, e así ata que chegue o tempo final da morte, ao que, segundo nós, lle ha seguir tamén un novo tempo de vida.

Eu non son un Qohelet, aínda que lle quero moito ben. Non olledes para min, querendo atopalo. Pero hai xente por Galicia adiante que actualiza marabillosamente a súa mensaxe. Seguro que todos, todas, coñecedes algún. Eu teño na mente varios nomes: Ramiro, Ruben, Xosé Lois... Vós veredes.



O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



Victorino Pérez Prieto

O mundo occidental quedou asombrado, e mesmo estarecido, polo resultado negativo do plebiscito colombiano do 2 de outubro, convocado para referendar os acordos de paz asinados en Cartagena, entre o goberno e a guerrilla das FARC-EP (Fuerzas Armadas de Colombia-Ejército del Pueblo). Pero a concesión do Premio Nobel da Paz a Santos, catro días despois, supuxo un meirande apoio internacional a esta negociación.

MARCHA POR LA PAZ

MIÉRCOLES 5 DE OCTUBRE

5 DE LA TARDE

PLANETARIO DE BOGOTÁ
TODOS DE BLANCO



Todas as sondaxes de opinión daban como resultado da consulta a vitoria do SI; semellaba que a única cuestión por debater era por canta diferenza ía vir ese si. Mais o resultado foi unha pírrica vitoria do NON, co 50,2% dos votos fronte a un un 49,7% do SI. A verdadeira gañadora foi a abstención, un 62,6% dos convocados, cando xogaban a paz, despois de máis de cincuenta anos de guerra, 250.000 mortos, 100.000 desaparecidos, seis

me, teólogo e analista. “Realmente Colombia está enferma de odio e cobiza” di Pilar. Eu escribo: “Estou vendo [na tv] as bágoas de moitos mozos. Pero as palabras indecentes dos uribistas están tamén soando xa, créndose agora xustificadas?” “Gañaron medos, rumores, temores...” seguen escribindo. Di o amigo Alirio: “Desde o escenario de derrota electoral como reencontrar o camiño da paz?”

Os que sufriron a guerra na porta da casa votaron si

millóns de desprazados... Pírrica vitoria, pero suficiente para que os ex presidentes Uribe e Pastrana, os máis relevantes e rotundos defensores do NON, cantaran vitoria e esixisen a revogación dos acordos que, segundo eles, entregaban o goberno nas mans da guerrilla.

As primeiras reaccións non se fixeron agardar. Chegáronme polo grupo teolóxico Amerindia-Colombia: “Desconcertado e moi triste. Primaron as mentiras e a desinformación”, di Jai-

Alguén escribe unha constatación que logo se comentou nos medios: “Os máis fodidos querían o SI”. As zonas que máis padeceron a violencia, os que puxeron os mortos: Chocó, el Cauca, Putumayo, Tumaco... Leyner Palacios, -víctima do terrible masacre de Bojayá-Chocó (que tamén fora nominado ao Nobel con Santos, con Luz Marina Bernal do Colectivo Madres de Soacha e outros)-, dicía: “Non é xusto que teñamos que mendigar a Colombia pola paz”; o 84% desta

asolada rexión votou SI. “Os que sufriron a guerra no portón das súas casas déronnos una lección de perdón e desexos de paz; o resto fallamos”; escribe outro compañeiro.

Aínda que unha parte importante da igrexa católica e das igrexas protestantes apoiaron o NON, por medo aos “marxistas” e á “devastadora ideoloxía de xénero”; algúns bispos estaban publicamente polo SI. Monseñor Ómar Sánchez, bispo de Tibú, dixo o mesmo domingo, nada máis saberse o resultado: “Que dolor de

argumentando que o triunfalismo e o empaque do si fixera que moitos enquisados ocultaran o seu non dicindo o contrario. Un non que tiña que ver coas mentiras dos uribistas e tamén coas verbas sibilinas dese rico terratenente que é Álvaro Uribe; fundador dos grupos paramilitares (eufemisticamente chamados “Autodefensas de Colombia”, que foron os que máis morte e terror puxeron durante décadas, e mataron moitos máis campesiños ca guerrilleiros). Uribe non podía tolerar que Santos (antigo

te Timoleón Jiménez de persistir na palabra como arma de paz para Colombia”.

Escribo isto no día seguinte a unha gran manifestación da mocidade pola paz en Bogotá, para que non haxa volta a atrás dos pactos que tanto traballo custou facer, para que os acordos a que poidan chegar os líderes do si (Santos e o seu goberno de Unidad Nacional, outros partidos, intelectuais e a xente máis consciente da sociedade) e os do non (os ex presidentes Uribe e Pastrana, e o Centro Democrático) non manteñan a Colombia na opresión e a violencia, que non era só das FARC, pois as terribles bandas paramilitares (teoricamente agora fóra de lei) non entraron nos acordos da Habana, e segue morrendo moita xente por razóns políticas. Son as vítimas as que máis lle piden ao presidente que non retroceda nos acordos de paz asinados, e se acade una paz estable e duradeira no país. O mellor do pobo colombiano pide un verdadeiro estado de dereito onde non queden impunes máis dun 80% dos delitos –sobre todo os da oligarquía–, como sucede agora; e non se dilapiden ou vaian a unhas poucas mans as riquezas do país: un país rico de xente pobre, fonte fundamental da violencia.

O pobo foi vítima dunha igrexa que non acolleu a mensaxe do Papa Francisco e rexeitou dereitos para as mulleres.

patria! Que celebran? Que gañaron? Que o monstro da guerra se lles ría na cara? Que os mortos os poñan outros? Atérrame, sorpréndeme, dóeme o que este día significa para a nosa historia. Non sei que consecuencias terá”.

Empezan a circular verbas animosas dicindo que, malia o fracaso, a inmensa maioría quere a paz, aínda que non fosen votar. “Quédanos defender a esperanza da vida –escribe Luis Guillermo Pérez–. Seguiremos sementando amor, persistiremos na paz. Dóenos o resultado do plebiscito, no que o libre albedrío da cidadanía foi violentado por un ex presidente mesiánico, soberbio e populista con todos os medios para enganar o pobo sen aceptar nunca un debate. Un pobo, ademais, vítima dunha igrexa que non acolleu sequera a mensaxe do Papa Francisco, e de relixiosos que afirmaron que o pacto era ideoloxía de xénero e contrario aos preceptos de Xesús Cristo por incorporar dereitos para as mulleres e recoñecer a poboación LGTBI...”

Por que unha abstención tan alta? Os técnicos das enquisas xustificáronse

ministro seu) lle levara a contra dos seus plans de “pacificación” a base de multiplicar efectivos militares.

O primeiro erro foi facer un plebiscito que non era necesario e si perigoso. Tras do referendo dixo a guerrilla: “Ante este resultado adverso confórmase a vía difícil [...] pois a ‘vía fácil do plebiscito’, que o Presidente Santos a última hora impuxo [...] sufríu un determinante revés electoral e político... Nosoutros, agás por unha provocación insoportable [...] pensamos que se debe seguir mantendo a vontade expresada polo comandan-





Fica lonxe no tempo aquel setembro de 1978 en que a celebración das romaxes de crentes galegos, comezo de tantas cousas, botou a andar baixo o lema “Eu renazo galego”, proposto por Xosé Chao, quen, a título póstumo, este pasado domingo día 2 de outubro recibiu o premio “Mans de Irimia” xunto con Ricardo Gómez Polín, na IV Festa da Afirmación e Dignidade.

As mans de Irimia recoñeceron a Pepe Chao e Ricardo Polín.

Esta festa é unha iniciativa da Asociación Cultural Xermolos e mais da Irmandade Manuel María da Terra Chá.

Como cada ano, os actos comezaron no Pedregal de Irimia, nacemento do río Miño, coa lectura por parte de persoas asistentes ao encontro, dun manifesto escrito por Baldomero Iglesias, “Mero”. En dezaseis puntos, o músico e poeta, denunciou os males de Galiza e do mundo (desfeita ecolóxica e cultural, violencia machista, falta de memoria histórica, incumprimento de promesas por parte dos políticos gobernantes) e, xa en po-

sitivo, afirmounos no compromiso por mudarmos a situación.

En nome de Adegas, Adela Figueroa deu lectura a un texto, para o que se piden sinaturas, demandando a declaración do Pedregal de Irimia como Monumento Natural, xa que está a ser albedo dunha explotación absurda na que a paisaxe autóctona vaise

substituíndo por eucaliptais mesmo a rentes da canle xeolóxica, do río de pedras baixo do que circula o nacente Miño.

Un representante dos presos independentistas galegos fixo un relato do tratamento recibido por este colectivo e, asemade, denunciou o trato e indefensión que sofren estas persoas polas súas ideas. A Audiencia Nacional –afirmou– compórtase como o Tribunal de Orden Público da ditadura franquista.

Un membro da Asociación Cultural “Avelino Díaz” leu, á súa vez, un comunicado poñendo en valor a figura do poeta que lle dá nome, veciño de Meira boa parte da súa nenez, antes de emigrar, adolescente, a Buenos Aires. Piden que a Academia lle dedique as Letras Galegas.

Por último, David Otero puxo o ramo a estas intervencións cun texto en que clama pola unidade do nacionalismo dentro da variedade, para facer coincidir pobo e nación.

A seguir fíxose a entrega dos

galardóns, esculturas realizadas polo meirense Manuel Pardo. Logo de que Xoán Xosé Fernández Abella recitase un seu poema dedicado a Pepe Chao, a súa viúva, Sari, recolleu a “Man de Irimia” outorgada á súa memoria e pronunciou unhas palabras de agradecemento. Despois, Ricardo Gómez Polín recibiu a súa e fixo un emotivo e brillante discurso de agradecemento, a falar da súa nai, falecida recentemente, da que se celebrara o funeral o día anterior, como a muller á que declarou deber canto é, verdadeiro rostro ela de todo o bo deste país. Polín é un traballador incansábel, filólogo, medievalista, estudoso de diversos autores da Terra Chá, así como do que el impulsou e bautizou

Reivindicouse o Pedregal como monumento natural

como Camiño Primitivo e tamén autor de moitos ensaios e edicións críticas.

A xornada rematou, tras un xantar celebrado nos Cabanóns, cun concerto na Praza do Convento a cargo da Banda Municipal e as pandereiteiras Nove Ferreñas de Meira, Miro Casabella, Mini e Mero, Tino Baz, Raúl Galego e Quintas Canella.

Un día para non esquecer.



Actualidade “Cremos no rural” bota a andar

Manuel Regal Ledo



Quen somos “Cremos no rural”

No grupo “Cremos no rural”, xuntáronse as Comunidades de Relixiosas no rural e o Movemento Rural Cristián. Acordamos traballar de forma coordinada. Queremos o rural, vémoslo moi frouxo pero tamén vemos posibilidades enormes que non podemos deixar que morran. Entendemos que a xente cristiá debe estar aí no corazón desa realidade, compartindo penalidades e esforzos, ofertando aquel punto de ilusión e esperanza. No Evanxeo de Xesús hai unha extraordinaria forza de vida, por iso mesmo nos chamamos “Cremos no rural”.

Rurais con outra moita xente

Somos un grupo que nos consideramos irmán do grupo “Vivimos no rural”. Ademais queremos advertir que o rural en Galicia non son só as aldeas. Admitindo as importantes diferenzas que existen entre unha aldea e unha vila, para nós a maioría das vilas, sobre todo do interior, son espazo rural, que queremos ter en conta no noso traballo.

Botámonos a andar con esperanza

Despois dun tempo de pensar como levar adiante o noso traballo, este ano, no Cursiño de Verán en Santiago, botámonos a andar. Xa miráramos, nunha xuntanza previa, por onde empezar e sinalamos estes tres campos, por esta orde: ver a que tipo de comunidades cristiás queríamos chegar; ver como acompañar as diferentes soidades que se están a dar entre nós; e ver como entrelazar a fondo a vida coa fe. Logo virían outros campos.

Este ano empezaremos a traballar: ter claro a onde queremos chegar pode orientar o noso traballo, facelo eficaz, forte, integrador. Empregaremos o método de Revisión de Vida, cos seus tres tempos de Ver, Xulgar (valorar), Actuar. Un método non abondo practicado, porque, aínda que garante unha fidelidade á realidade e non quedar en simples palabras e proxectos, ten a súa lentitude, a súa dureza. É coma o traballo labrego, que dá preciosos froitos, pero ao custo de esforzos e suores; nesas queremos andar, pensando que, como di o salmo 126, “Quen entre bágoas sementa, entre cantares recolle”.

E facémolo desta maneira

Así, de aquí a primeiros de decembro, en pequenos grupos parroquiais ou interparroquiais, axudad@s por un guieiro para cada xuntanza, no que se inclúe un pequeno e sinxelo cuestionario preparado para o caso e materiais para a oración en común, miraremos como están a día de hoxe as nosas comunidades cristiás, as nosas parroquias. Do que vaíamos vendo faremos resume para levalo a un próximo encontro en decembro. Parécenos un paso imprescindible, para logo poder valorar o que vemos aí de positivo, o que non o é tanto, onde colocaríamos os nosos soños, como ir chegando a eles, etc. Cousas que iríamos abordando en etapas inmediatas dentro do curso.

Invitamos a quen se nos queira sumar

O noso traballo pode ser de proveito para esa ampla realidade rural. Igual hai máis xente que quere facer algo e que se atopa algo perdida. Encantad@s de poder compartir esta nosa iniciativa: compartir materiais, presentalos, ter algún encontro con persoas interesadas, a abrir os nosos grupos e encontros a máis xente.



Seguimos coa xente que vai erguendo sen ruído un país. E con motivo dun novo curso escolar, conversamos con María José Eyo Valladares, mestra e recentemente xubilada, despois de 45 anos exercendo a profesión nun centro situado ás aforas de Pontevedra. E falamos de pasado, de presente e do futuro; das reformas educativas e do momento actual que vive a educación. Os días 5 e 7 de outubro, en dous emotivos actos no Colexio de Placeres, recibiu o cariño e o agradecemento por parte de antigos alumnos e compañeiros.

Por que decidiches ser mestra e dedicarte á educación?

Non foi unha decisión que tomei eu. A miña idea era facer Filosofía en Santiago, pero era a maior de 3 irmáns e os meus pais pensaron que era mellor que estudase maxisterio pola proximidade do centro. Sempre lles estarei moi agradecida porque non podería ter mellor oficio que ser mestra.

Sabes o que é ser titora e tamén asumiches funcións de dirección. Que che deixa mellor recordo?

Sen lugar a dúbidas ser mestra acabou sendo unha vocación que encheu a miña vida. Asumín distintos cargos en tantos anos de profesión. Neles, o traballo en equipo é fundamental. Pero o contacto cos nenos é a razón de ser: cura feridas, motiva, descubres o efémero do tempo; é o aquí...agora, a curiosidade, a inocencia no pensar e no sentir, o perdón sen condicións, o sorriso, a risa, o agradecemento ... aprendes a VIVIR con maiúsculas.

Nestes anos viviches sete reformas educativas dende a Transición. Cal é a túa opinión sobre elas?

As reformas son políticas. Non vivín ningunha que saíra das aulas, dos que estamos a pé da escola. A LOGSE foi a mais novidosa nas circunstancias de entrada da democracia. Baseada

na Constitución, iniciou os principios democráticos nos centros. Era unha corrente baseada no construtivismo e os profesores tivemos que traballar e reflexionar para asumir o cambio.

Como dicía Álvaro Marchesi, un brillante pedagogo artífice desta lei: “Temos que transformar a educación para transformar a sociedade. E transformar a sociedade para transformar a educación”

E nesas andamos...

Con todo, semella que estamos vivindo o cambio máis significativo no que se refire a metodoloxías. Como o percibes?

Eu tiven a inmensa sorte de traballar nun centro cunha comunidade relixiosa pioneira nas novas metodoloxías. Era un centro de referencia na pedagogía de María Montessori, coidando moito a formación tanto intelectual como espiritual. Dáme moita alegría ver que os novos profesores seguen concienciados nas novas metodoloxías e agora tamén nas tecnoloxías. Estamos nunha época de crise e isto é un aliciente de que segue habendo esperanza, de que os profesores continúan a busca de novas solucións para os novos tempos.

Dis que se coidaba tanto o intelectual como o espiritual. Como se entende nunha aula ese equilibrio?



Se non hai ese equilibrio non estamos no bo camiño. Todas as persoas somos seres espirituais e a educación é integradora. Somos mediadores nese camiño do ser humano cara dentro, da busca de identidade, da dimensión ética... Cada un ten que construír un criterio propio, buscar a felicidade, descubrir o silencio, os sentimentos e emocións.

A aula é un pequeno mundo onde se transmiten valores, onde o diálogo, o recoñecemento persoal e as particularidades se atopan e aprenden a convivir. Os mestres teñen que prestar atención a esas pequenas e grandes cousas que se conxugan para formar a vida individual sen esquecer que somos seres sociais. As confrontacións son fundamentais para reafirmar a individualidade. A busca incesante de amor por parte dos seres humanos tampouco se pode obviar na educación.

Que diferencias cres que atopa hoxe o docente con respecto aos teus inicios? Como son as novas esixencias e os novos retos?

Como xa dixen, as novas tecnoloxías e a rapidez de cambios tanto políti-

cos como sociais, fan que os docentes estean sempre tentando de ir por diante para educar futuros cidadáns comprometidos, emprendedores, críticos, responsables e preparados para os cambios. Xa non hai “seguridades”. Os tempos son convulsos. Os medios de comunicación, os movementos migratorios, as diferencias económicas, a necesidade dunha reconstrución da humanidade, a globalización... Hai urxencia pola vida, a xustiza, a creación. Hai que cambiar a mirada. Ter esperanza. Os profesores teñen que alimentarse de vida.

Se foses ministra de educación, que cousas cambiarías para a mellora da educación e, por conseguinte, do alumnado?

Primeiro investir na formación dos profesores. Devolverlles a dignidade e o recoñecemento como persoas que teñen moito que achegar no futuro das novas xeracións. Traballaría con eles para saber das súas necesidades nos centros. Reduciría materias e atendería un pouco mais ás humanidades. Daríalle un lugar privilexiado no currículo á Filosofía. Tamén aten-

dería con prioridade a necesidade de formación de pais.

O 7 de outubro remataches catro décadas de mestra e comezas unha nova etapa. Que vas botar de menos e como vai ser a nova andaina?

O que máis vou botar de menos é o contacto cos nenos e nenas. Dou grazas a todas as persoas que coñecín nestes 45 anos de profesión. Algunhas son entrañables para min, porque son verdadeiras amigas de vida compartida coas que seguirei gozando. A educación é unha experiencia que “imprime fondo”. Continuarei aprendendo pero máis tranquilamente. Estou na Uned Senior en Filosofía. Hai moitas ofertas de actividades para elixir. A etapa nova é para vivir con máis repouso, sen présas, gozando dunha conversa, un libro, unha viaxe, os fillos, o neto... Queda moito por facer.

O contacto cos nenos cura feridas, motiva, descubres o perdón sen condicións, o sorriso... e aprendes a vivir. Hebería que investir na formación dos profesores, devolverlles a dignidade e o recoñecemento

O noso taboleiro

XXXI Foro Encrucillada Tiven que refuxiarme e acolléstesme

Sábado 22 de outubro 2016

10:30-19:00h - Auditorio de Cersia, San Lázaro, Santiago.

A realidade das persoas refuxiadas bate nas portas de Europa e xera cada día máis sufrimento ao que non podemos ser alleos. O Dereito Internacional está sendo esmagado, pero tamén vemos como moita xente anónima se está a organizar para poñer un pouco de luz na vida de tantas persoas que sofren.

A asociación Encrucillada no seu XXXI Foro quere mostrar esta realidade, coas súas sombras pero tamén coas luces que se abren no camiño sen retorno das persoas refuxiadas.

Reflexión e oración pola paz é a proposta que achegamos, co ánimo de axudarnos a interiorizar a nosa aposta decidida pola vida, o dereito e a dignidade.

Horario:

- 10:30 Apertura e presentación: Elvira Santos Pena,
- 10:45 Relatorio: *Retos teolóxicos e pastorais.*
Mons. Santiago Agrelo Martínez, OFM,
bispo de Tánxer.
- 12:00 Descanso
- 12:30 Relatorio: *Análise dende a legalidade internacional.*
D^a Cristina Gortázar Rotaeché,
Profesora de Dereito Internacional U. P. Comillas
- 14:00 Xantar
- 16:30 Lembranza de Xosé Alvilares Moure,
Xosé Chao Rego, Agustín Fernández Paz e
Xaquín Barros.
- 16:45 Mesa redonda. *Refuxio e acollida: a esperanza
está en nós.*
Coordina: **Miguel Fernández Blanco** do Foro
Galego de Inmigración.
- 18:00 Celebración Interrelixiosa pola Paz, na que participa-
rán persoas de crenzas budista, xudea, cristiá, musul-
má e Bahai coa ambientación musical de **Toñito de
Poi.**
- 19:00 Peche

XXXI FORO ENCRUCILLADA
Tiven que exiliarme e acolléstesme

Sábado, 22 outubro 2016
Auditorio CERSIA
San Lázaro, Santiago


www.encrucillada.gal

Mons. Santiago Agrelo, OFM
Reflexión teolóxica e pastoral

Cristina Gortázar Rotaeché
*Análise dende a legalidade
internacional*

Mesa redonda
Redes de acollida

**Celebración
interrelixiosa
pola paz**



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



DOMINGO 23 DE OUTUBRO. XXX DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Lc 8, 9-14

Naquel tempo, Xesús propúxolles esta parábola dirixíndose a uns que estaban moi seguros de si mesmos, créndose perfectos e desprezando os demais: «Dous homes subiron ao templo para orar; un era fariseo e outro recadador de impostos. O fariseo, de pé, oraba para os seus adentros deste xeito: “Meu Deus, douche grazas porque non son coma os demais: ladrón, inxusto e adúltero; nin coma ese recadador. Gardo o xaxún dúas veces por semana e pago o décimo de todo canto gaño”. O recadador, en troca, manténdose a distancia, non se atrevía nin a levantar os ollos ao ceo, senón que petando no peito dicía: “Meu Deus, ten compaixón de min, que son un pecador”. Asegúrovos que este baixou reconciliado con Deus para a súa casa e, en cambio, o outro non. Porque a todo o que se teña por moito rebaixarano e a todo o que se rebaixe enaltecerano.»

Reconciliados/as co noso Deus

Hoxe Lucas preséntanos unha parábola con dous protagonistas frecuentes nos textos evanxélicos: un fariseo e un recadador de impostos. Este relato está a continuación do da viúva e xuíz e ambos queren ilustrar cal é a auténtica actitude cara a Deus.

A nosa parábola vai incidir na vana xustificación da piedade senón estamos abertos/as a acoller o amor e o perdón do Pai/Nai.

A escena sitúase no templo onde os dous personaxes foran rezar. De xeito moi gráfico o narrador móstranos a diversa actitude de cada un deles. O fariseo de pé facía gala da súa perfección relixiosa enumerando a súa excelencia no cumprimento das prácticas relixiosas habituais no xudaísmo: o xaxún e o décimo que acompañaba cunha descrición orgullosa do seu comportamento irreprochable cara aos demais. O recadador pola súa banda, un pouco escondido, expresáballe a Deus con angustia a súa debilidade, e seu pecado.

O contraste entre os diferentes modos de rezar destes homes, evidenciaba para os oíntes da parábola, e tamén hoxe para nós, cal era a boa noticia de Deus que Xesús predicaba acotío: a misericordia entrañable do *abba*.

As boas obras que facemos non son as que nos xustifican ante Deus, senón o sentirmonos acougados no seu amor entrañable, pois so iso e o que impulsará en nós a bondade, a xenerosidade e o desexo de falar intimamente con El. É a nosa fragilidade a que nos permite atoparnos de verdade co noso Pai e Nai Deus e non nas seguridades rituais e actos de piedade por moi fermosos que foren.

Carme Soto

A CLAVE

Autoestima. Non crese un máis do que é, nin tampouco menos. Nin máis, nin menos. Aínda que, ás veces, nos sentimos coma unha merda espichada nun pau e outras veces coma o rei do mundo.

Iso sen contar co tema da culpa e do pecado, tanto recalcar o que facemos mal, o que non facemos ben... pensade no que se recitaba en misa: “Pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa” ... como para non estar afundidos na miseria. E os problemas e as preocupacións que nos traen a mal traer, sexan grandes ou pequenos, con todo iso na cabeza so nos falta ver as noticias para morrer do desgusto.

Mais de sermos quen de ollarnos cos ollos de Deus, como cambiarían as cousas! O amor máis grande, máis que á túa parella nos primeiros días de namorados, máis que a teu fillo/a cando te sorrí por primeira vez, así sería o amor que sentiríamos e o perdón e a comprensión ante os erros e o ánimo... e con todo iso dentro do noso corazón seríamos quen de comernos o mundo. Ou non?

Olga Álvarez

A PALABRA

O ECO

Falando da lingua

Lidia e Valentina



Ás veces temos a oportunidade de saír da nosa terriña para bater con outras realidades. E nós, que imos con ollos de “viaxantas”, e non só de turistas, andamos a tomar nota de todas as cousas miúdas e, por suposto, de todas as que teñen que ver coa cuestión lingüística dos sitios que visitamos.

Causalidades do destino..., acabamos caendo varios anos por terras de Euskadi ou de Cataluña, ben porque nos cadra de paso, ben porque é o destino definitivo. Este ano tocamos tamén Navarra. E xa se di sempre que as comparacións son odiosas, mais

con lugares de Euskadi onde xa estiveramos e a onde a rapazada coa que batemos nos parques falaba máis éuscaro ca castelán. Obviamente, este é un estudo sociolingüístico de orella, pero ten a mesma validez ca o que fai calquera que chega a Vigo ou á Coruña e frecuenta un parque, ben infantil, ben dos outros onde se xuntan adolescentes. Por moi castelanizada que estea Nafarroa, oímos máis rapazada falando unha lingua que non entendiamos do que escoitamos nas nosas capitais... Ademais, ao erguernos de mañá en Pamplona prendemos a radio e saltan automaticamente 2

Unha dose de realismo con sociolingüística de orella

en cuestións de lingua, son mesmo angustiosas.

Por estudos varios sabemos que o tema do éuscaro en Navarra anda mal, polo que non iamos dispostas a facer comparacións

emisoras falando en éuskaru... Vaites, coma na casa... –pensamos.

Pasamos ao Pirineo francés e nunha viliña medieval que era menos da metade de Muros, preguntáronnos na oficina de turismo se os folletos os queriamos en catalán ou en castelán. Vaites, vaites...

No salto a unha vila da costa de Girona, turística por excelencia, pensamos que o turismo manda, “la pela es la pela”, e aí a cousa había estar clara. Pois entramos no hipermercado *Bon Preu* (porque –lembramos– viaxamos, non só facemos turismo) e todo estaba marcado só en catalán e as dependentas falaban catalán de primeiro (logo contestábanos en castelán porque os nosos rudimentos de catalán non daban para que o/a interlocutor/a pensase que os iamos entender). Alá foi ao garete o tópico deses cataláns que non se apean da súa lingua e é imposible entenderse alí... A verdade é que todas as veces que estivemos nalgún punto de Cataluña, e xa van uns cantos, nunca atopamos eses integristas da lingua. Aínda temos máis anécdotas. Quedan para outra volta...

O Fachineiro da sociedade

E se Fernán Vello tivese razón?

Quen viva feliz na desinformación só ten que facer un pequeno google para saber en que souto se meteu o deputado galego co seu chíó na rede social. E quen queira aforrar o traballo xa lle digo eu que é foi versión tuiteira do coñecido lema de que se fósemos dinosauros habiamos votar polo meteorito. Un compañeiro deste fachineiro lembra asombrado como estando unha vez en Viena viu un grupo de xente mirando en silencio un escaparate dunha tenda de televisores. Un *Sálvame de Luxe* dos de alí? Un partido da súa selección de fútbol? Un campionato de saltos de esquí? Pois non. Era un concerto de música clásica. O que



nunca tal pasaría por estes lares. Claro que se un lembra os tempos do ultradereitista Haider ou dos resultados das últimas eleccións, xa un dubida do seu argumento inicial. Porque en Hungría, tamén votan polo meteorito, e en Polonia, e en España, e en Rusia, e en Colombia, e nos Estados Unidos tamén hai moitos e moitas desexando que impacte. Así que por aquí non somos tan diferentes. O malo é que o mesmo meteorito zoupando sempre nos mesmos focinhos, amola un pouco demais.

A.Q.